

1/392 AMPLIACIÓN DE PRAZO SUBVENCIONS REHABILITACIÓN CENTRO HISTÓRICO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do vicesecretario accidental, do 3 de setembro de 2024, na parte expositiva do cal se fai constar:

“No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 159, do 10.07.2024 publicouse a convocatoria de subvencións para a 17ª fase do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio na área de rehabilitación integral ou contorna residencial de rehabilitación programada ARI-ERRP do centro histórico de Lugo, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 26.06.2024.

Esta convocatoria ten a finalidade de financiar as obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencia colectiva, incluíndo as súas vivendas e nas vivendas unifamiliares.

O prazo de presentación de solicitudes é de dous meses, contados dende o día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (10.07.2024).

Ao abeiro do disposto no 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, cómpre ampliar o prazo de presentación de solicitudes de subvención en atención ás circunstancias concorrentes de non esgotarse o crédito dispoñible e financiar o maior número de obras e actuacións subvencionable e tendo en conta que non se causan prexuízos aos dereitos de terceiros.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Ampliar por un mes sobre o prazo inicialmente fixado para a presentación de solicitudes de subvención para actuacións de rehabilitación a nivel de barrio na área de rehabilitación integral ou contorna residencial de rehabilitación programada ARI-ERRP do centro histórico de Lugo. O prazo finalizará o día 10 de outubro de 2024.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincial e na páxina web do Concello de Lugo.